

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Deportes

*Aprobación das bases reguladoras para a concesión de bolsas para deportistas en réxime de concorrencia competitiva*

##### ANUNCIO

#### **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA AÑO 2025.**

O Pleno da Corporación Municipal en sesión Ordinaria celebrada o xoves 27 de marzo de 2025 aprobou as bases reguladoras da concesión de bolsas para deportistas en réxime de concorrencia competitiva.

De conformidade co artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra dito acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

#### **BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

##### **1. Finalidade e obxecto. (Art. 17.3.a) Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; en diante LXS)**

O Concello de Arteixo ten como obxectivo mellorar as condicións de vida das persoas que residen no municipio, podendo realizar a actividade municipal para o desenvolvemento das súas políticas públicas tanto de forma directa como indirecta, favorecedendo a realización por parte de persoas ou colectivos, de actividades de interese xeral. A actividade de fomento é aquela actividade administrativa dirixida a satisfacer de maneira indirecta determinadas necesidades de carácter público, promovendo a acción das persoas particulares mediante o outorgamento de diferentes incentivos que a fagan posible. As subvencións son as ferramentas que permiten orientar a actividade das persoas particulares, así como a consecución dos obxectivos por quen pode estar en mellor disposición de alcanzalos e por quen pode axilizar a súa execución.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu preámbulo, expón que unha parte importante da actividade financeira do sector público se canaliza a través de subvencións co obxecto de dar resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades a través de medidas de apoio financeiro.

Esta lei, no seu artigo 8.1, establece como elemento de xestión e instrumento de mellora a conveniencia de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións que permita relacionar os obxectivos e acadar os efectos que se pretenden conseguir cos custos previstos e a súa financiación. A finalidade é a de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles.

Por este motivo o Concello de Arteixo realizou un Plan Estratéxico, que foi aprobado con data de 28 de marzo de 2018 no Pleno do Concello de Arteixo, e no que se contemplan as áreas e materias a fomentar, así como os obxectivos e efectos que se pretenden acadar co outorgamento das subvencións. Este Plan foi aprobado inicialmente para o período 2018-2021 (BOP número 64 de 5 de abril de 2018), e foi prorrogado durante o exercicio 2022 tendo unha vixencia de tres anualidades, polo que abarca o período 2023-2025, desde o 1 de xaneiro do ano 2023 hasta o 31 de decembro do 2025.

Dentro do Plan Estratéxico Municipal recóllense diferentes obxectivos, tanto prioritarios como estratéxicos, sendo estes últimos aqueles que proporcionan o marco para establecer a planificación a medio prazo da actividade de fomento do concello. Estes obxectivos estratéxicos desagreganse noutros obxectivos específicos.

Entre os diferentes obxectivos estratéxicos deste plan está a Educación e o Deporte, que se desagregarían entre outros, nos obxectivos específicos de Facilitar e estimular o acceso ao cidadán á actividade físico-deportiva, apoiar ás entidades deportivas de Arteixo e fomentar o deporte federado.

Neste PES, para acadar os obxectivos propostos, recóllense diferentes liñas de subvencións, sendo unha delas a Liña de Promoción do Deporte, que da lugar a distintos programas de subvencións.

Ao amparo deste Plan Estratéxico de Subvencións Municipal e seguindo as directrices do mesmo, realízase a convocatoria das Bolsas por concorrencia competitiva para deportistas do concello de Arteixo.

O obxecto desta convocatoria vén a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime

local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril do deporte de Galicia.

A finalidade destas bases e da convocatoria correspondente é a promoción e fomento do deporte, apoiando actividades realizadas no Concello de Arteixo no presente ano por deportistas que practican deportes con carácter individual, entendendo todo aquel deporte que, segundo a súa regulamentación, é practicado por un ou dous deportistas como máximo. O Concello de Arteixo, dentro das súas competencias de promoción do Deporte, é consciente das dificultades que teñen moitos deportistas individuais para poder levar a cabo os seus adestramentos e competicións, polo elevado custo que supoñen os desprazamentos, licenzas federativas, equipamento..., e por este motivo considera necesario aprobar unha liña de axudas a deportistas individuais que teñan o carácter de bolsas. En concreto, estas bolsas convócanse para apoiar a deportistas de Arteixo practicantes de deportes individuais como (natación, pádel, salvamento, triatlón, judo, patinaxe, tiro con arco, ciclismo, deportes de motor, atletismo, montañismo, surf...), como medio de apoio e promoción do deporte de Arteixo e, deste xeito, acadar logros deportivos representando ao Concello de Arteixo.

Polo tanto, poderán optar ás bolsas os deportistas arteixáns individuais que acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguran unha proxección futura para o deporte de alta competición. As axudas obxecto desta convocatoria irán dirixidas a consolidar a progresión do rendemento dos deportistas.

**2. Crédito orzamentario.** Para cada exercicio, será o que se verifique e aprobe na correspondente convocatoria.

**3. Persoas beneficiarias e requisitos para solicitar a subvención.** (Art. 17.3.b) LXS). Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións Deportistas arteixáns dos deportes de carácter individual que acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguran unha proxección futura para o deporte de alta competición. As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Persoas empadroadas no Concello de Arteixo, cunha antigüidade mínima de dous anos consecutivos, no momento da solicitude.
- Deportistas de deportes individuais que destaquen por resultados en competicións oficiais de ámbito autonómico, nacional ou internacional nas dúas tempadas anteriores á actual, excepto, competicións máster ou similar, xa que son categorías que están excluídas nestas bolsas.
- Deportistas en posesión da licenza de federado expedida ou tramitada pola correspondente federación deportiva (non se valorarán as licenzas máster ou similar).
- Deportistas entre os 12-30 anos cumpridos ou a cumprir no ano da convocatoria (ambos incluídos).
- Competir, na tempada da solicitude, en eventos/probas deportivas de relevancia autonómica, nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións.
- Acreditar nivel deportivo na especialidade, nas dúas tempadas anteriores á actual, ser medallista en campionatos nacionais ou internacionais da especialidade deportiva.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario da axuda (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria:
  - o Todos os deportistas practicantes de modalidades colectivas (fútbol, baloncesto, balonmán, rugby, hockey... ) e de deportes autóctonos.
  - o Deportistas que estean cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
- Características das bolsas. Establécense catro tipos de bolsas en función do ámbito deportivo. Cada deportista poderá optar unicamente a un tipo de bolsa.
  - o Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Mundiais.
  - o Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Europeos ou competicións de ámbito europeo que teñan valor para clasificarse para campionatos europeos.
  - o Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Nacionais de España ou competicións nacionais que teñan valor para clasificarse para campionatos nacionais.
  - o Bolsas para deportistas individuais medallistas en Campionatos autonómicos. (A estas bolsas só se accederá no caso de que non se completen a totalidade das bolsas citadas anteriormente)

**1. Condicións de solvencia e eficacia que deben reunir as persoas xurídicas ás que se refire o apartado dous do artigo 12 da Lei Xeral de Subvencións** (Art. 17.3.c) LXS). Non procede

**2. Forma e prazo de presentación de solicitudes.** As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://sede.arteiro.org/sxc/gl/>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal “considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación”. A convocatoria para a concesión das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. O prazo para presentar as solicitudes será de DEZ DIAS HÁBILES, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicáranse as bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web do Concello de Arteixo (<https://arteixo.org/>).

**3. Procedemento de concesión da subvención.** (Art. 17.3.d) LXS). O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 9 a) e 10 a) da Ordenanza Municipal número 26 da concesión de subvencións municipais; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

**4. Criterios de avaliación.** (Art. 17.3.e) LXS). A concesión ou denegación das bolsas, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

A concesión das bolsas corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía – Presidencia. A dotación para as bolsas dos deportistas individuais será a consignada na aplicación orzamentaria 340.481.00 na correspondente convocatoria anual. En cada convocatoria anual específica, a distribución do crédito para cada un dos tipos de bolsa indicados, dependerá do número de solicitudes presentadas e do número de proposicións económicas que se orienten en maior ou menor densidade cara cada un dos tipos de bolsas, encadrados nos criterios sinalados, co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria.

Cada deportista deberá presentar unha única solicitude de bolsa, indicando de modo claro o tipo de axuda e a modalidade deportiva para a que solicita dita axuda. Polo tanto, só poderá solicitarse e concederse unha única bolsa por persoa.

Non obstante, a Comisión Avaliadora poderá cambiar o tipo de bolsa sinalada por cada deportista, se entende que a elección non se corresponde cos méritos acreditados polos deportistas

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

#### **Procedemento de avaliación de solicitudes.**

As solicitudes valoraranse segundo os criterios seguintes. No suposto de ter máis solicitudes para algunha das bolsas establecidas na correspondente convocatoria, seguirase o seguinte criterio:

a) Valorarase o historial deportivo das dúas tempadas anteriores á actual, acreditado pola federación correspondente. Cos seguintes baremos:

- Ter participado en Campionatos do Mundo. Ata 10 puntos por tempada.
- Ter participado en Campionatos de Europa. Ata 7 puntos por tempada.
- Ter participado en Campionatos de España. Ata 5 puntos por tempada.
- Ter participado en Campionatos de Galicia. Ata 1 punto por tempada.

b) Grao de representatividade municipal. Atenderase á representación que fai o deportista do municipio mediante a súa participación en competicións, así como o impacto positivo na visibilidade e promoción da localidade a través do deporte. Valorarase o interese para o sistema deportivo local, en función entre outros, da importancia das probas nas que participa, da repercusión dos seus logros nos medios de comunicación, así como a colaboración co concello en eventos ou outro tipo de actividades. Neste suposto outorgarase ata un máximo de 5 puntos.

**1. Contía individualizada da subvención e criterios para a súa determinación.** (Art. 17.3.f) LXS). En cada convocatoria anual indicárase o importe de cada unha das bolsas

O importe global distribuirase, en función do número de solicitudes e tipo de cada beca, cos seguintes límites con carácter xeral, podendo sufrir variacións:

- 1) Bolsas destinadas a participar en Campionatos do Mundo: 1 beca

2) Bolsas con opcións de participar en Campionatos Europeos, ou competicións de ámbito europeo que teñan valor para clasificarse para campionatos europeos: 2 becas

3) Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Nacionais de España ou competicións de ámbito nacional que teñan valor para clasificarse para campionatos nacionais: 8 becas

4) Bolsas para deportistas individuais medallistas en Campionatos autonómicos: Estas bolsas otórganse unicamente no caso de non cubrirse a totalidade das bolsas 1), 2) e 3) . Nese caso o número de bolsas dependerá das solicitudes para esta categoría de bolsa e do número de bolsas dispoñibles en función das bolsas concedidas nas outras categorías.

A Comisión Avaliadora quedará facultada para a modificación do número de becas indicadas si como consecuencia das solicitudes presentadas existise un maior número de proposicións económicas que se orientase en maior ou menor densidade a calquera das actividades deportivas encadradas nos catro grupos sinalados co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria. É dicir, pódese cambiar o número de becas definido para cada tipo de bolsa, pero tamén pode variar o número total de bolsas e redistribuírse en función das solicitudes.

**2. Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención e prazo en que será notificada a resolución.** (Art. 17.3.g) LXS). O procedemento instruírse no Servizo de Deportes, polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 10a) da Ordenanza municipal número 26 reguladora da concesión de subvencións municipais do Concello de Arteixo. O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación vixente.

**Comisión avaliadora.** A valoración das solicitudes e documentación achegada efectuarase por unha Comisión Avaliadora, formada por dous técnicos de Deportes e unha persoa concelleira do Concello de Arteixo.

Funcións do órgano instrutor:

- Requirirle á persoa solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 68 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.
- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.
- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

A comisión avaliadora formulará a súa proposta de selección das persoas bolseiras, daqueles solicitantes que acaden maior puntuación conforme o apartado 7 das presentes bases, que será motivada segundo as bases da convocatoria.

O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local.

**1. Determinación dos libros e rexistro contables específicos para garantir a axeitada xustificación da subvención.** (Art. 17.3.h) LXS). Non procede a aplicación do artigo 43 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

**2. Prazo e forma de xustificación.** (Art. 17.3.i) LXS). O prazo de presentación da conta xustificativa especificarase en cada convocatoria anual. De non presentarse a xustificación dentro de prazo, por resolución da Presidencia iniciarase expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención Municipal para a súa constancia contable. Este Concello reserva o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar tanta información sexa requirida polo servizo xestor para a Intervención Municipal.

#### 2.1 Consideracións xerais.

Debido ás características das persoas destinatarias e a natureza obxecto das subvencións, de acordo co previsto no art 17.3 k) e art 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará tras a correspondente resolución da concesión sen necesidade de solicitude previa por parte da persoa beneficiaria e con dispensa de garantía. Unha vez xustificada a subvención debidamente, realizarase o pago do 50% restante.

Unha vez sexa comunicada a resolución por concorrencia competitiva, só será posible renunciar á totalidade ou a unha parte da mesma nun intervalo de tempo non superior a 5 días hábiles. No suposto de non telo feito, entenderase aceptada a subvención por parte da persoa interesada.

## 2.2 Documentación xustificativa

A conta xustificativa presentárase a través dos medios electrónicos e nos termos dispostos no artigo 5 (Forma e prazo de presentación de solicitudes), dirixido ao Servizo Municipal de Deportes. As persoas beneficiarias da bolsa deportiva virán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas, debendo presentar a seguinte documentación xustificativa:

- a. Certificación da federación deportiva correspondente, acreditativa dos resultados obtidos na tempada en curso. É condicionante para o aboamento da bolsa a participación en, polo menos, na metade dos campionatos nos que ten previsto participar na tempada actual, sinalados no proxecto deportivo presentado, e o cumprimento da obriga de non estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave. De non acreditar a participación de, polo menos, na metade dos campionatos durante a tempada actual, ou de estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave, perderá o dereito ao cobramento da bolsa, e deberá reintegrar o importe do anticipo percibido, xunto cos xuros de mora correspondentes, de acordo co procedemento establecido.
- b. Documentación acreditativa da publicidade institucional. E obriga da persoa deportista facer constar explicitamente na totalidade da publicidade e/ou actividade informativa que se realice por calquera medio (impreso ou non) que conta con subvención do Concello de Arteixo. En todos os programas subvencionados que leven difusión ou publicación farase constar o logotipo do Concello de Arteixo segundo as especificacións de imaxe corporativa que figuran na web do concello e nas mesmas condicións de visibilidade que o resto de logotipos. As persoas deportistas terán a obriga de portar no lugar que corresponda das prendas deportivas de competición os logotipos do Concello de Arteixo, de tamaño polo menos equivalente ao logotipo dos seus patrocinadores principais. Asemade, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, deberase facer constar que reciben unha axuda municipal e colocarán o logotipo municipal na publicación, facendo mención de que se atopan subvencionados polo Concello de Arteixo.

## 3. Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo dos informes do Servizo Municipal de Deportes e do Servizo de Intervención, a Xunta de Goberno, aprobará as contas xustificativas e procederase ao pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos xustificados correctamente, aplicando o coeficiente de financiamento.

Pasado dito prazo, en caso de non achegar a documentación requirida, archivarase o expediente e anularase a subvención.

**1. Medidas de garantía que se consideran precisas a favor do Concello de Arteixo, medios de constitución e procedemento de cancelación.** (Art. 17.3.j) LXS). En aplicación do artigo 42.2.d) do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, se 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as persoas beneficiarias das presentes subvencións quedan exoneradas da constitución de garantía.

**2. Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.** (Art. 17.3.l) LXS). Non se admite a alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, polo tanto, non proceden posibles modificacións da resolución.

**3. Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de outras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.** (Art. 17.3.m) LXS). Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, que lle deberán ser comunicadas ao Concello de Arteixo.

**4. Obrigas das persoas beneficiarias.** As persoas beneficiarias, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

- a) Participar en, polo menos, na metade dos campionatos nos que ten previsto participar na tempada actual, sinalados no proxecto deportivo presentado.
- b) Non estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

c) Acudir ás probas ou encontros deportivos municipais aos que se lle convoque.

d) Facer constar a colaboración do Concello de Arteixo en calquera acto de difusión do seu proxecto ou actividade (medios electrónicos, webs, foros, redes sociais, medios audiovisuais, mención en medios de comunicación...).

e) Comunicar a renuncia á bolsa no caso de que se produza unha causa determinante desta renuncia. O incumprimento das condicións recollidas nas presentes bases, así como a renuncia á bolsa, terá como efecto a obrigatoriedade, de ser o caso, de devolución da cantidade percibida, á que se lle engadirán os correspondentes xuros de mora.

**5. Infraccións e sancións (Art. 17.3.n) LXS).** Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións artigos 56 a 58, e serán sancionadas incluso a título de simple negligencia. Serán responsables as persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas, que por acción u omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións nesta lei.

As infraccións leves, graves e moi graves, serán as tipificadas nos artigos 56 a 58 da Lei 38/2003; e as sancións por infracción leve, grave e moi grave serán as establecidas nos artigos 61 a 63 da citada norma.

O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerase unha sanción do 10% do importe da subvención concedida, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo.

No caso do incumprimento da obriga da publicidade institucional reflectida no punto 18.d de estas bases reguladoras, aplicarase unha sanción do 30% do importe da subvención. Se a persoa deportista non cumpre coa obriga de gardar a proporción do logotipo municipal indicada no mesmo artigo, aplicarase unha sanción do 5% do importe da subvención.

Arteixo a 07 de abril de 2025

O Alcalde-Presidente

Asdo. Carlos Calvelo Martínez

2025/2199